



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

Rua do Concello, 1 32760 Castro Caldelas (Ourense)

Tfno. 988 203000 988 203305 Fax 988 203481 correo.castrocaldelas@fegamp.gal

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19 NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CONCELLO DE CASTRO CALDELAS



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

Rua do Concello, 1 32760 Castro Caldelas (Ourense)

Tfno. 988 203000 988 203305 Fax 988 203481 correo.castrocaldelas@fegamp.gal

O Concello de Castro Caldelas quere organizar para o curso 2020-2021 actividades extraescolares para os nenos do CPI VIRXE DOS REMEDIOS.

Preténdese dar continuade a formación extraescolar dos nenos, axudar a conciliación familiar e laboral e inculcar o deporte como un hábito saudable.

1. INTRODUCCIÓN

Para impartir as actividades o Concello conta con un monitor deportivo que será a persoa encargada de recoller aos nenos no pavillón municipal.

Realizaranse as actividades de Fútbol Sala e Xogos na Actividade Deportiva. Inicialmente tentaremos facer grupos para cada unha delas e no caso de que non sexa posible farase un combinado das dúas dentro dun mesmo grupo.

Para a distribución dos nenos respectaremos sempre os GRUPOS BURBULLA marcados polo colexio: Grupo de infantil, Grupo de 1º e 2º de primaria, Grupo de 3º e 4º de primaria e Grupo de 5º e 6º de primaria. Tamén se respectará o máximo de 6 nenos por grupo.

2. PLAN DE CONTINXENCIA .

- a. Limpeza e desinfección. A sala utilizada nas actividades desinfectarase antes e despois da entrada do grupo, tamén se desinfectarán as zonas de paso, mobiliario utilizado e os útiles empregados (balóns, conos, aros...)
- b. Ventilación adecuada. Contamos para realizar a actividade con toda a cancha do pavillón deportivo, este é un espazo moi amplo no que coincidirán como máximo 6 persoas por grupo e este recinto conta con varios puntos de ventilación permanente que nunca se cerran.
- c. Sempre se utilizará o mesmo espazo polo mesmo grupo.
- d. Cumprirase o aforo máximo de cinco nenos por actividade.
- e. Contarase con un só monitor que non variará en ningún caso, este fará un rexistro diario de asistencia e creará un grupo de WhatsApp para facilitar a comunicación directa cos pais/nais ou titores e así poder transmitir calquera incidencia da forma máis rápida posible. Os grupos non variaran en ningún caso e unha vez cerrados non se admitirán novos membros.

3. ENTRADAS E SAÍDAS

A actividade dará comezo as 16:00 horas, unha vez saen os nenos do recinto escolar. Contarase con unha porta de acceso e outra porta de saída e farase unha saída escalonada. As clases finalizarán as 17:30 horas.



4. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO.

a. Para poder participar na actividade os pais/nais ou titores legais cubrirán o impreso de inscrición e a declaración de responsabilidade, que se axuntan no anexo I, nos que se comprometen a respectar as seguintes normas:

- Realizar a enquisa de autoavaliación que se adxunta no Anexo I e non acudir á actividade de acordo co que establece a mesma.
- Informar ao monitor de que se dá algunha das circunstancias previstas na enquisa de autoavaliación para traslado inmediato ao centro educativo.
- Mascara obrigatoria en todos os grupos e idades, o monitor poderá estipular tempos de respiro para beber ou descansar sempre coa garantía da distancia de seguridade.
- Non se permite a entrada de persoas alleas nas actividades nin nas instalacións, os pais deberán esperar aos seus fillos no exterior e estes irán sendo chamados un por un dende a porta para a recollida do seu fillo/filla.
- O monitor recibirá ao grupo na entrada sempre, non se permite entrar nas instalacións sen a supervisión deste.
- Habilitarase unha porta de acceso e outra de saída para evitar acumulacións no caso de que se organicen dous grupos continuados. No exterior os pais esperarán gardando a distancia de seguridade e prégase a máxima puntualidade para que o proceso sexa máis áxil.
- No momento da entrada comprobarase a temperatura de cada alumno/a e farase a desinfección de mans con xel hidroalcohólico supervisada en todo momento polo monitor. Unha vez dentro a cada neno asignaráselle un sitio fixo para que deposite as súas pertenzas, que non variará en ningún caso. Tamén se fará desinfección de mans antes e despois de utilizar material de uso común.
- Cada alumno debe traer a súa propia botella de auga identificado co seu nome e unha máscara de reposto.
- Non se permite traer ningún tipo de comida a actividade.
- Os xogos e actividades serán individuais, evitando o CONTACTO.
- É obrigatorio comunicar tanto ao monitor como ao centro educativo a non existencia dun neno/nena a actividade polo motivo que sexa.

5. PROTOCOLO A SEGUIR EN CASO DE SINTOMATOLOXÍA .

Se no transcurso da actividade algún neno presentase sintomatoloxía compatible co COVID asilárase inmediatamente nunha sala prevista para tal efecto e comunicarase de inmediato a familia para que o recollan e o centro educativo.



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

Rua do Concello, 1 32760 Castro Caldelas (Ourense)

Tfno. 988 203000 988 203305 Fax 988 203481 correo.castrocaldelas@fegamp.gal

6. INFORMACIÓN AS FAMILIAS E USUARIOS.

Xunto co formulario de inscrición e a declaración responsable facilitarémolles as familias o protocolo e as normas de uso a través dun folleto que axuntamos a este protocolo.

7. GRUPOS E HORARIOS ESTABLECIDOS

BURBULLA DE INFANTIL (LÚNS 16:00H.)

Roi González Pérez

Daniel Estévez Rial

Gerard González Pérez

Xoel Durán Núñez

Leo Díaz Álvarez

BURBULLA 1º E 2º PRIMARIA (MÉRCORES 16:00 H)

Guillermo Cruz González

Thomi Champeney Grau

Ivelin Ivaylov Stoyanov

Daina González Pérez

Aroa Díaz Álvarez

BURBULLA 3º E 4º PRIMARIA

1º)MARTES ÁS 16:00 H.

Brais Penín Devesa

Yann Jeremy Palacios

Olaia Vázquez González

2º)VENRES ÁS 16:00 H.

María Pérez Pérez

Antía González Fraguas

Andrea Cruz Osorio

Andrés Taboada Rodríguez

BURBULLA 5º E 6º PRIMARIA (XOVES ÁS 16:00 H)

Brais Durán Núñez

Rodrigo Gómez Álvarez

Cibrán Porto Vázquez

Jose Ignacio Parra

Leyre Fernández López

Iria Vázquez González

Castro Caldelas, a data da sinatura electrónica.

Asdo.: Sara Inés Vega Núñez



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

Rua do Concello, 1 32760 Castro Caldelas (Ourense)

Tfno. 988 203000 988 203305 Fax 988 203481 correo.castrocaldelas@fegamp.gal

ANEXO I



MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE


D./D^a _____, con DNI
número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a
_____, matriculado no curso
_____, do centro educativo _____ e asistente
as actividades extraescolares organizadas polo concello de Castro Caldelas.

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID e que se compromete a NON enviarlo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra, con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo e co monitor deportivo.
- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro nin as actividades extraescolares ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En _____, a ____ de _____ de 2020.

PROTOCOLO DAS ACTIVIDADES COVID-19




CONTIDO

Antes da Actividade

Durante a Actividade

Depois da Actividade



ANTES DA ACTIVIDADE



No caso de ter síntomas (febre, tos, malestar..) non asistir a actividade e comunicarlo o monitor



Non se poderá realizar a actividade con calzado da rúa.




Utilización de máscara.



Non se poderá entrar na instalación ata que o monitor o considere oportuno.



Usarase gel hidroalcohólico antes de acceder a instalación.



Cada nen@ traerá a súa propia auga que non se poderá compartir.




Establecerase unha entrada diferente a saída.




O monitor recollerá os nenos no colexio xusto despois do remate da xornada escolar.


DURANTE A ACTIVIDADE




Cada nen@ terá un lugar asignado para deixar as súas pertenzas e limparase despois de cada actividade.



Non se realizará ningunha actividade que supoña o contaacto entre os nen@s



Utilización de máscara.



Non se poderá dentro da instalación compartir nada personal (auga, mochilas, roupa..)



Usarase gel hidroalcohólico en cada parada ou descanso da actividade.

DESPOIS DA ACTIVIDADE



Os pais non poderán acceder a instalación a recoller os nen@s.



Non se poderá usar os vestiarios



Utilización de máscara.



Os país deberán recoller os nen@s cunha tardanza máxima de 5 minutos (Por motivos puntuales ou de tardanza se non se poidera cumprir ese prazo e necesario avisar o monitor).



Usarase gel hidroalcohólico antes de abamdoar a instalación.



Establecerase unha saída diferente a entrada.

